



## Importante para os profesionais do sector da Sanidade (*sensu amplo*)

Estimado/a compañeiro/a:

Os Colexios de Biólogos de España a través do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos estamos traballando en diferentes iniciativas para que os ministerios implicados (Educación e Sanidade) recoñezan, por unha banda, aos biólogos que exercen a súa actividade **no sector da saúde** como profesionais sanitarios e, por outra, especificamente no sector clínico, para que se recoñeza a especialidade de Xenética (despois da derogación do Real Decreto sobre Troncalidade e, en consecuencia, da especialidade sanitaria de Xenética) e ante a situación de indefensión na que se atopan neste intre os biólogos que traballan no campo da reprodución humana.

Para dar a coñecer a realidade actual do sector queremos aportar ás diferentes administracións os datos dos profesionais que, actualmente, estades traballando nestes ámbitos e que estades sufrindo un agravio comparativo respecto a outros profesionais sanitarios.

Así pois, solicitámosche que se traballas no ámbito da sanidade (xenética, reprodución humana, laboratorio clínico, saúde pública, control de calidade alimentaria, etc...) completes e remitas a enquisa que atoparás no seguinte vínculo:

<http://cgcob.es/encuesta-biologos-en-sanidad/>  
UNIDOS POR LA SALUD)

(PESTANA: JUNTOS

Dado **que é de suma importancia** ter unha imaxe a máis fidedigna posible para presentar as nosas reclamacións á Administración competente, tamén te pedimos que **fagas chegar esta iniciativa a todos os licenciados e graduados en bioloxía, e no seu ámbito, que coñezas e que estén traballando no sector da Sanidade** para que tamén eles poidan responder a enquisa.

Desde o COBGA lembramos que cando a Administración do Estado regule algunhas especialidades sanitarias e recoñeza aos biólogos como profesionais sanitarios é posible que este recoñecemento se tramite a través dos Colexios de Biólogos xa que, segundo indica a normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de biólogo.

Agradecendo sinceramente a túa colaboración na defensa da nosa profesión, recibe un cordial saúdo.

José Pelayo Míguez Baños  
Decano